



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

97a₃ 8 7 6 1


Golmar, Roade, Sobrado dos Monxes. Xaneiro 1980.

$\text{♩} = 144$

2) O ca- rro do Pi- can- te tén un ghran che- dei- ro
re- ce- ta- ron- lle o ba- ño no mes de fe- brei- ro
ai sí sí no mes de fe- brei- ro ai sí sí no mes
de fe- brei- ro (•)

variantes estróficas

- | | | | |
|----------|-------|-------|-------|
| 1. | 2. | 3. | 4. |
| falta | falta | falta | falta |
| 3) 4) 5) | 4) | 3) | 5) |



3) 4) 5)

A 1.^a estrofa segue á melodía 169.

Sobrado II,1,672. Casal 75.

L: 280.

*Transcripción orixinal de Dorothe Schubarth publicada no Cancioneiro Popular Galego, recollido por Dorothe Schubarth e Antón Santamarina, editado pola Fundación Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa, no 1984.



I 280

[Escoiten] señores
se queren oír-e,
a historia do Picante
da ghana de rir-e
ai si, si da ghana de rir-e,
ai si, si da ghana de rir-e.

O carro do Picante
ten un ghran chedeiro
recetáronlle ó baño
no mes de febreiro
ai si, si no mes de febreiro,
ai si, si no mes de febreiro.

Saleu a Ramona
“Esto digho eu:
o que bañou o carro
brincoume no meu-e,
ai si, si brincoume no meu-e,
ai si, si brincoume no meu-e.”

Saleu o Picante
das caixas peladas:
“ide, miñas nenas,
ide polas vacas,
ai si, si ide polas vacas,
ai si, si ide polas vacas.”

Viñeron as vacas
e as vacas non tiran
é porque están flacas
ai si, si é porque están flacas,
ai si, si é porque están flacas.

Viñeron os veciños
todos nunha voz:
“se non erghémolo carro,
probiños de nós-e
ai si, si, probriños de nós-e,
ai si, si, probriños de nós-e.”